



O Río Tea en Covelo

O RÍO TEA ESPAZO DA REDE NATURA 2000

O Río Tea nace na Serra do Suído, no Concello de Covelo, e desemboca no Baixo Miño, no Concello de Salvaterra do Miño. É un dos ríos mellor conservados do sur de Galicia, e xunto con algúns dos seus afluentes forma parte da Rede Natura 2000.

A Rede Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea, creada con obxecto de salvagardar os espazos naturais mais importantes do continente.



Como hábitat acuático, o Río Tea sostén unha das comunidades de peixes más diversas de Galicia, debido en parte á súa accesibilidade ata os tramos altos para especies migratorias como a Anguía, a Lamprea, o Reo e o Salmón Atlántico.

A combinación de augas limpas con beiras naturais e gran diversidade de plantas de ribeira crea o hábitat idóneo para moitos invertebrados, anfibios, mamíferos e aves ligado ao medio acuático, incluíndo rarezas como o Auganeiro e endemismos como a Pintega Rabilonga.

O bosque de ribeira, dominado polo amieiro e o salgueiro, é máis ou menos continuo e permite o funcionamento do río como gran corredor ecolóxico que conecta á Serra do Suído co Baixo Miño e permite o movemento de animais dende a lontra e o xabarín ata o oriolo e o picapeixe por todolo seu curso.



ONDE VISITALO

Este tríptico refírese á parte do espazo protexido que cae no Concello de Covelo: o tramo medio-alto do Tea, e o Río Alén. A falla de infraestructura humana na beira do río é o que lle fai habitable para moitos dos animais más tímidos, como a lontra, pero significa que camiñar á beira do río é difícil.

No interior deste tríptico identifícanse 5 dos sitios dentro do espacio da Rede Natura más doados de visitar sen equipo especial e sen mollarse os pés. Suxerimos tamén estas 3 posibles rutas que permiten gozar do paisaxe do Tea, aínda que fora da zona protexida.



O Río Tea e o Río Alén: cen tons de verde

RUTA1

Fofe-Ponte medieval do Tea-Aserradoiro hidráulico de Garranos-Maceira

Comeza na parroquia de San Miguel de Fofe, dende onde se baixa á ponte medieval sobre o Tea. Continúa pola beira do río Tea nun dos treitos mellor conservados e más fermosos do río. Ascéndese até o serra hidráulica de Trasfontán e remata na praia fluvial de Maceira.

RUTA2

A Graña-Chan do Seixo-Piñeiro

Ruta que discorre por media montaña, por pistas forestais, dende o parque eólico de A Graña, atravesando Coto Agudo (901 m), o Chan do Seixo, o Foxo de Lobo e o Pozo Vello de Piñeiro, baixando no lugar de Piñeiro. Pódese acortar baixando cara a aldea de Campo ou ben a Fofe antes de entrar no Chan de Piñeiro.


RUTA3

San Salvador de Maceira-Ermida da Guía

Subida desde Maceira ata o cumio da Ermida da Guía, preto do alto de Fontefría cunha espectacular panorámica de toda a comarca do Paradanta. A ruta pode continuar cara o espectacular piñeiral de Fontefría xa no concello de A Cañiza por unha pista forestal.

Os Ríos Tea e Alén en Covelo

Principais accesos e puntos de interese



5 MOSTEIRO DE SAN XOÁN E O RÍO ALÉN



Para experimentar a máxica da natureza galega hai poucos sitios mellor co Alén. Camiñando pola calzada medieval dos arrieiros, atopamos o mosteiro de San Xoán, acubillado en pleno bosque. As augas cristalinas corren entre fentos agarimados nun antigo bosque de ribeira de cenuños de verde. Estamos no fogar de moitos dos nosos animais más espectaculares e ameazados: da lontra e do auganeiro, do picapeixe e do merlo rieiro, das ras, dos pintafontes e dos lagartos de auga.

RÍO ALÉN
5



1 PRAIA FLUVIAL DE MACEIRA

O Río Fofe entra no Tea na praia fluvial de Maceira, preto da cabeceira da zona protexida. A balsa creada pola antiga presa e a humanización da illa faino un dos mellores sitios do Tea para bañarse no verán.



2 FONTE DE LOURIDO

O manancial que aflora debaixo de Lourido ten un forte cheiro a sulfuro sódico. Os veciños apostan polo valor curativo destas augas: "Dúas veces ao ano, durante 20 días e sempre tomadas en xexún ao pé da manancial. Para curas de fígado, vesícula, intestinos e a pel..."

3 PASOS DE LOURIDO



Ir de Lourido a Barcia de Mera son 5 minutos en coche... ou medio día co carro de boi. Os pasos de Lourido coñeceron o tránsito da xente durante séculos, mentres que os carros e os bois pisaban a calzada colocada no leito. Son artesanía galega, feitos a man cun deseño perfectamente adaptado á hidrodinámica do río. A pesar de sofrir miles de riadas, aínda están en perfectas condicións.

4 PASOS DE CASTELÁNS

En Casteláns atopamos outros pasos, esta vez apoianto as laxas en forma de pontella. Debaixo pasan os salmons, peixes que veñen dende o norte Atlántico para desovar aquí. Esta zona é o comezo e o final da súa viaxe -a presa hidroeléctrica, a 1 km augas arriba, impide o seu paso- e é unha das razóns principais de incluír o Río Tea na Rede Natura 2000.

